

Boletín do Instituto Galego das Cualificacións

Nº 8

COMO ATOPAR AS “APLICACIÓNS DO MERCADO LABORAL” NO NOVO PORTAL WEB DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

The screenshot shows the website interface with the following elements:

- Header:** Contacto | Suxestións e queixas | Accesibilidade | Mapa do portal | GALEGO | CASTELLANO
- Navigation:** Organización, Área de Traballo, Área de Benestar
- Left Sidebar:**
 - A CONSELLERÍA
 - Benvida
 - Perfil do Contratante
 - TRABALLO
 - Axudas e subvencións
 - Servizo Público de Emprego
 - Formación e Cualificacións
 - Relacións Laborais
 - Cooperativismo e Economía Social
 - Prevenção Riscos Laborais
 - Publicacións e Estatísticas
 - Igualdade no Traballo
 - Guía de igualdade para cursos de formación
 - Servizos
 - Trámites e modelos
 - Plans e programas
 - Aplicacións do mercado laboral** (highlighted with a red box)
- Main Content:** Actualidade section with news items dated from 2011.
- Right Sidebar:** Various service icons like 'DIALOGO SOCIAL EN GALICIA', 'vaga de calor', 'competencias clave', 'Registro', 'SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA', 'ACCEPT', 'Quérote', 'Plan Galego das Persoas'.

LINKS

The screenshot shows the 'Aplicacións Web' page with the following elements:

- Header:** XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
- Navigation:** Inicio | Servizos | Mapa do Portal | Accesibilidade | GALEGO | CASTELLANO
- Left Sidebar:**
 - imperdibles!
 - Aplicacións Web do Instituto Galego das Cualificacións** (highlighted with a red box)
 - Consello Galego de Cooperativas
 - Instituto Galego Seguridade e Saúde Laboral
 - Consello galego de relacións laborais
- Main Content:**
 - Aplicacións
 - Imperdibles!
 - Beneficios e beneficios
 - Ligazóns relacionadas
- Right Sidebar:**
 - Directo a
 - Destacados

PUBLICACIÓNS


Informe sobre *O recambio xeracional en ocupacións do mercado laboral galego.*



O estudo pretende ofrecer unha descrición, a través da análise de dez ocupacións, da situación na que se atopan os mozos galegos no seu acceso ao mercado laboral tendo en conta a posibilidade de renovación ou substitución que poida supor o paulatino abandono do sistema produtivo da poboación máis envellecida.

A substitución xeracional como tal, é dicir, a substitución sucesiva das antigas xeracións polas novas como forza de traballo, é unha necesidade inherente ao sistema socioeconómico ligada ao seu aspecto evolutivo, pero tamén resulta ser un catalizador esencial na dinamización do mercado laboral, e por tanto supón unha importante oportunidade para a imbricación dos máis novos no tecido produtivo.

Informe sobre *a representación dos traballadores menores de 30 anos nas ocupacións do mercado laboral galego.*



Neste informe preténdese afondar na necesidade da xuventude galega no ámbito do emprego, máis concretamente achegar a información pertinente para analizar como é a súa representación nas diferentes ocupacións que conforman o actual mercado laboral. Os menores de trinta anos supoñen o 18% da poboación activa galega, é dicir, aquela que está en idade de traballar e consta como

A dinámica demográfica condiciona en boa medida a evolución da oferta de traballo. De feito, en Galicia, o alto grao de envellecemento da estrutura demográfica faise notar ante a poboación en idade de traballar ou potencialmente activa, e isto condiciona a evolución futura do mercado de laboral, ao ser cada vez maior o colectivo de poboación que o vai abandonando e favorece, polo tanto, a substitución xeracional neste ámbito.

Neste sentido, este informe pretende axudar á configuración dunha visión integral do panorama do emprego xuvenil na nosa comunidade autónoma.

A partir da información rexistrada nas oficinas de emprego sobre contratación nas distintas actividades económicas contrastada cos datos facilitados pola Tesorería Xeral da Seguridade Social dispoñemos do número total de traballadores afiliados por grupos de idade segundo as actividades económicas onde desenvolven a súa actividade profesional.

ocupada ou na procura activa dun novo emprego, pero, ao mesmo tempo, son o 34% dos parados. Esta desigualdade tan evidente, dá boa conta das dificultades que a mocidade ten no acceso ao mercado de traballo e da especial vulnerabilidade que esta situación xera para este colectivo.

Resulta especialmente importante e de gran responsabilidade recoñecer o enorme potencial que este colectivo obtén, empregando para iso todos os recursos necesarios co obxectivo de “blindar” o seu futuro profesional. Evitar que a falta de oportunidades sexa a principal causa que leva aos máis novos a buscar traballo fóra da nosa comunidade pasa por revitalizar o actual mercado laboral para que estes teñan a acollida necesaria nel, a través, sobre todo, da mellora na súa cualificación e na súa competitividade.



Estudo do mercado laboral de Galicia 2010.

O Instituto Galego das Cualificacións presenta, por oitavo ano, o Informe de mercado laboral, unha publicación que forma parte dos estudos que realiza o Observatorio Ocupacional. Os datos que ofrece este informe pretenden ser de utilidade para aquelas persoas interesadas no recoñecemento da realidade e o comportamento do noso mercado de traballo. A información que se achega ofrece un panorama da poboación en xeral e unha análise da situación económica e laboral dos traballadores e das empresas a través da utilización de varios indicadores socioeconómicos que nos permitan un achegamento fidedigno á sintomatoloxía que presenta o noso tecido produtivo e os axentes e actores que o conforman.

No ano 2010 xeneralizouse a crise económica, unha crise global de intensidade descoñecida ata o de agora e que provocou que o pasado exercicio fose un ano escuro para o mercado laboral. A destrución de postos de traballo e o conseguinte aumento do paro estendéronse ao longo do ano a

practicamente todos os colectivos e sectores que configuran o noso tecido produtivo. De todos os xeitos, non debemos esquecer a realidade de determinados colectivos que se ven afectados en maior medida, como é o caso das mulleres ou da poboación xuvenil, que arrastran deficiencias estruturais que os fan especialmente vulnerables ante a inestabilidade do mercado laboral.

Os datos que ofrece este informe tratan de reflectir a situación da realidade que configura o mercado de traballo cunha mirada ao presente, pero tamén considerando de forma retrospectiva a evolución rexistrada nos últimos anos. Máis que nunca, cómpre poñer en marcha políticas de emprego eficaces que optimicen a eficiencia do mercado laboral e eliminen as trabas que impiden o seu axeitado funcionamento, xunto ao desenvolvemento de políticas activas que incentiven a creación de emprego e avoguen por favorecer a empregabilidade dos colectivos máis afectados polo fenómeno do desemprego.

RESULTADOS DAS PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE QUE TIVERON LUGAR OS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO EN SILLEDA



Para consultar:

<http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>

PRESENTADOS	2.678
APROBADOS NIVEL 2	79,98%
APROBADOS NIVEL 3	75,79%

Normativa autonómica destacada:

✚ Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que imparten formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º110, do 09.06.2011).

✚ Orde do 6 de xuño de 2011 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais e sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscripción de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento (DOG n.º113, do 14.06.2011).

✚ Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (DOG n.º124, do 29.06.2011).

✚ Decreto 128/2011, do 30 de xuño polo que se determina o calendario laboral para o ano 2012 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º 127, do 04.07.2011).

✚ Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional, aprobados ao abeiro do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG. n.º 149, do 04.08.2011).

✚ Orde do 29 de xullo de 2011 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2011. (DOG n.º 157, do 18.08.2011).

✚ Decreto 176; 2011, do 1 de setembro, polo que se modifica o Decreto 196/2001, do 26 de xullo, polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia (DOG n.º 177, do 15.09.2011).

✚ Resolución do 23 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se realiza a convocatoria pública do recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais (DOG n.º 229, do 30.11.2011).

Normativa estatal de interese:

✚ Real decreto-lei 7/2011, do 10 de xuño, de medidas urxentes para a reforma da negociación colectiva (BOE n.º 139, de 11.06.2011).

✚ Real decreto 801/2011, do 10 de xuño, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e de actuación administrativa en materia de traslados colectivos (BOE n.º 141, do 14.06.2011).

✚ Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo (BOE n.º151, do 25.06.2011).

✚ Resolución de 30 de xuño de 2011, do Servizo Público de Emprego Estatal pola que se publica o Catálogo de ocupacións de difícil cobertura para o terceiro trimestre de 2011. (BOE n.º 171, do 18.07.2011).

✚ Real Decreto-lei 10/2011, de 26 de agosto, de medidas urxentes para a promoción do emprego dos mozos, o fomento no emprego e o mantemento do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego (BOE n.º 208, de 30.08.2011).

✚ Ley 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social (BOE n.º 184, do 02.08.2011).

Para acceder á páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://traballoebenefitar.xunta.es/>

Para acceder directamente á área de traballo: <http://traballo.xunta.es>